15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/05/2017 18:27**  
**Nº Rexistro: 8992**

Data envío: 11/05/2017 18:27:36.386

Dentro da baixa execución da Consellería destacan especialmente os programas ligados ao fomento do emprego. Ven sendo unha constante nos últimos anos a baixa execución destes programa, porén, no 2016, acentúase este problema, xa que polo xeral presentan un grado de execución moito menor ao do 2015, e estes á súa vez xa presentaban unha execución menor con respecto ao 2014. Así, existen graos de execución realmente exiguos, como o relativo ao programa de intermediación e inserción laboral, cun 5,9%, ou a formación profesional de ocupados, cun 17%, xunto con outros graos de execución tamén preocupantes: a mellora e fomento da empregabilidade executou o 54,7% do seu orzamento, a formación profesional de desempregados un 55,7%, ou a promoción económica e social cun 52,1%.

Polo tanto, os datos de execución para o ano 2016 amosan unha deficiente práctica e xestión orzamentaria. Resulta evidente que ante tan baixos grados de execución orzamentaria dificilmente se puido conseguir os obxectivos de fomento do emprego, inserción laboral, formación, etc. contemplados nestes programas. A evolución recente do desemprego confírmao, xa que segundo datos da EPA, no primeiro trimestre do ano o desemprego incrementouse en Galiza en 12.900 persoas. O desemprego neste trimestre incrementouse en Galiza un 6,3%, unha intensidade moito máis forte que a do conxunto do estado español, onde o crecemento do desemprego foi do 0,4%.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/05/2017 18:27**  
**Nº Rexistro: 8992**  
Data envío: 11/05/2017 18:27:36.386

“O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a:

-Realizar as xestións oportunas para incrementar o grado de execución do gasto orzamentado nos citados programas para o presente exercicio.

-Presentar no Parlamento un informe detallado cos motivos da non execución do orzamento destes programas e as consecuencias, para os colectivos que terían que ser beneficiarios dos mesmos, de non telos executados.”

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/05/2017 18:27**  
**Nº Rexistro: 8992**  
Data envío: 11/05/2017 18:27:36.386

**María Montserrat Prado Cores na data 11/05/2017 18:26:50**

**Noa Presas Bergantiños na data 11/05/2017 18:26:57**

**Olalla Rodil Fernández na data 11/05/2017 18:27:01**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 11/05/2017 18:27:04**

**Xosé Luis Bará Torres na data 11/05/2017 18:27:08**

**Ana Pontón Mondelo na data 11/05/2017 18:27:11**

## Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco, Abel Losada Álvarez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

O sector do turismo a día de hoxe podemos consideralo como unha das actividades económicas máis importante para Galicia, xa que contribúe a crear numerosos postos de traballo e favorecer o reequilibrio territorial.

A tendencia de alugar a vivenda habitual por días ou por semanas, tanto por parte dos particulares como por parte dos turistas, pode ser entendido nalgunhas ocasións como competencia desleal, o que vai en contra da calidade dos destinos turísticos. Nada máis lonxe da realidade. Precisamente por iso é polo que existiu un gran consenso no sector da necesidade de regular esta nova tendencia.

O Decreto 12/2017, do 26 de xaneiro, debía nacer pois coa intención de establecer a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia e regular as vivendas de uso turístico sempre que cumpran os requisitos establecidos partindo dun consenso que, a todas luces, se ve que non existiu.

Hoxe en día, tanto a Asociación de Vivendas Turísticas de Galicia, como a Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia (CNMC) solicitan que se eliminen ou corrixa algúns dos aspectos que recolle o decreto xa aprobado, e que está a piques de entrar en vigor.

Incluso o requirimento feito pola CNMC significa un paso previo ao xa anunciado, de non terse en conta o dito requirimento, contencioso-administrativo ante o TSXG. Considerando os antecedentes doutros contenciosos similares en distintos Tribunais Superiores de Xustiza, doutras comunidades autónomas como Madrid ou Canarias, nós manifestamos a necesidade de abordar de novo o tema e de buscar as vías de solución de maneira consensuada e dialogada.

## Grupo Parlamentario

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

1º) Tomar en consideración os requirimentos da CNMC (Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia), e as peticións realizadas polo sector e modificar nos termos precisos o Decreto 12/2017, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

2º) Adiar a entrada en vigor do Decreto 12/2017, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia, polo menos en seis meses ata a súa modificación, de tal xeito que recolla os requirimentos da CNMC, en moitos casos coincidentes coas peticións do propio sector, evitando dese xeito a interposición de procesos xudiciais que obriguen finalmente á modificación do decreto.

Pazo do Parlamento, 4 de maio de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 05/05/2017 12:03:39**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/05/2017 12:03:48**

**Julio Torrado Quintela na data 05/05/2017 12:03:56**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/05/2017 12:04:15**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/05/2017 13:33**  
**Nº Rexistro: 8722**  
Data envío: 05/05/2017 13:33:31.961

## **Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Ao longo da última semana do mes de abril, unha inesperada e intensa xeadada ocasionou importantes danos nos cultivos e producións agrarias en diversas comarcas do país.

Inicialmente, apreciouse unha forte incidencia no viñedo, principalmente en zonas incluídas no ámbito xeográfico das denominacións do Ribeiro, Ribeira Sacra, Valdeorras ou Monterrei.

Para alén do sector do viño, a xeadada tamén afectou gravemente a producións de castaña, pataca ou mel.

Sen que haxa polo de agora unha valoración polo miúdo dos danos ocasionados, as avaliacións preliminares do sector afectado indican que superan o 50 por 100 da produción de uva, achegándose nalgúns zonas ao 100 por 100.

Tamén no caso doutras producións citadas, os danos iniciais apreciados superan o 80 por 100 da produción. Ademais, en casos como o da castaña, a forte



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/05/2017 13:33**  
**Nº Rexistro: 8722**  
Data envío: 05/05/2017 13:33:31.961

intensidade das xeadas acaecidas tamén provocaron danos na propias árbores ou plantacións, co que alén de mermar a produción neste ciclo produtivo, tamén pode minguala ao longo dos vindeiros anos até a recuperación completa.

A perda de ingresos que supoñen estes danos poden poñer en risco a viabilidade e supervivencia de moitas explotacións. Tamén implican que no caso de producións que achegaban rendas complementarias moi importantes para soste a economía de vilas e comarcas, haxa unha redución drástica de ingresos que afecte, ademais dos directamente afectados, a toda a economía de amplas comarcas de Galiza.

Finalmente, destacar que ditas producións son vitais para manter actividade e emprego nas zonas rurais do país, e por iso non se trata simplemente de abordar este problema como un auxilio para compensar a perda que vai haber en determinadas producións agrarias, senón un apoio decidido á economía agraria que sustenta a fixación de poboación no rural do país, e con iso o seu futuro.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1º. Establecer contactos co sector agrario, con carácter urxente, para a avaliación, do territorio afectado polos danos ocasionados polas xeadas nas producións agrarias.



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/05/2017 13:33**  
**Nº Rexistro: 8722**  
Data envío: 05/05/2017 13:33:31.961

2º. Valorar os danos sufridos polas explotacións agrarias.

3º. Establecer liñas de axuda para apoiar as explotacións afectadas, que abrangan tanto a compensación polas perdas da produción xa previstas para este ano, como as medidas precisas para a recuperación das plantacións afectadas que permitan a plena recuperación da produción no seguinte ciclo produtivo.”

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2017

**Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 05/05/2017 13:32:18**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/05/2017 13:33**  
**Nº Rexistro: 8722**

Data envío: 05/05/2017 13:33:31.961

**Noa Presas Bergantiños na data 05/05/2017 13:32:24**

**Olalla Rodil Fernández na data 05/05/2017 13:32:27**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/05/2017 13:32:30**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/05/2017 13:32:33**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/05/2017 13:32:36**

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu por portavoz e por iniciativa dos deputados e das deputadas, Raquel Arias Rodríguez, Encarnación Amigo Díaz, Marian García Míguez, Aurelio Nuñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral e Miguel Tellado Filgueira, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego**.

Unha das liñas estratéxicas que se fixou para esta lexislatura o Goberno galego é apoio á familia. E esta vontade queda acreditada polas políticas que se están a desenvolver e que están a converter a Galicia nun referente no que atinxe á prestación de servizos de apoio ás familias e tamén á natalidade.

Un dos aspectos fundamentais nese apoio real ás familias, e co que se pretende contribuir ademais a mudar a actual tendencia da pirámide demográfica da nosa Comunidade Autónoma, é facilitar a conciliación da vida familiar, laboral e persoal dos proxenitores. E neste aspecto un recurso de vital importancia para facer posible esa conciliación son, sen dúbida, as escolas infantís, xa sexan públicas, concertadas ou de iniciativa social.

Sen desmerecer, claro está, a dotación doutro tipo de servizos ou apoios como poden ser o Bono Concilia, o Bono Coidado, a Tarxeta Benvida ou mesmo a aplicación de bonificacións fiscais da máis diversa índole, nos que loxicamente hai que seguir afondando en aras podan beneficiarse deles o maior número de familias posible.

Neste contexto, dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos fundamental seguir a consolidar a rede de recursos para cativos de entre 0 e 3 anos e, en consecuencia, continuar apostando pola posta a disposición de máis prazas de escolas infantís, pola apertura de máis casas niño en núcleos rurais e de novas escolas infantís en contornas empresariais.

Por todo o exposto é polo que o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte **Proposición non de Lei en Comisión**:

“Instar á Xunta de Galicia a que siga a impulsar a creación de escolas infantís en contornas empresariais como ferramenta axeitada para facilitar a conciliación da vida familiar, profesional e persoal”

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 05/05/2017 15:56:47**

**Raquel Arias Rodríguez na data 05/05/2017 15:57:02**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 05/05/2017 15:57:10**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 05/05/2017 15:57:26**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 05/05/2017 15:58:19**

**Marta Rodriguez Arias na data 05/05/2017 15:58:27**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 05/05/2017 15:58:40**

**María Soraya Salorio Porral na data 05/05/2017 15:58:51**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 05/05/2017 15:59:00**

## Á Mesa do Parlamento:

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa dos deputados e das deputadas, Raquel Arias Rodríguez, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Aurelio Nuñez Centeno, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado el Río e Julia Rodríguez Barreira, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xusticia e Interior.**

## Exposición de Motivos:

España e Venezuela subscribiron o 12 de maio de 1988 un convenio sobre Seguridade Social, en vigor dende o 1 de xullo de 1990, no que se recoñece o dereito ao cobro de pensións, subsidios, rendas e indemnizacións, sen que estas estean suxeitas a redución, modificación, suspensión, supresión ou retención polo feito de que o seus beneficiarios residan no outro país, e establece, de feito, que eses pagos se farán efectivos en idénticas condicións e con igual extensión que aos nacionais que residan no referido país.

Pese a elo, o Goberno de Venezuela decidiu suspender a finais do 2015 o pago das pensións aos beneficiarios residentes no exterior. No caso de Galicia, o problema afecta aos pensionistas venezolanos residentes aquí e aos pensionistas emigrantes retornados. O número de afectados supera os 3.000 persoas, dos que a gran maioría son galegos emigrantes retornados.

O tempo transcorrido e o feito de que moitos dos afectados só dispoñen desta pensión como fonte de ingresos fai que a súa situación resulte dificilmente sostible ou cando menos precaria, sobre todo tendo presente que a incerteza sobre o futuro das súas pensións mantense no tempo.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario Popular considera que o Goberno español debe incrementar as súas accións para paliar a grave situación na que se atopan os pensionistas e xubilados venezolanos e galegos, residentes en Galicia, por culpa do retraso no pago das súas pensións por parte do Goberno de Venezuela.

Por todo o exposto é polo que o Grupo Parlamentario Popular propón a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión:**

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

- Que reforce os contactos diplomáticos co Goberno da República Bolivariana de Venezuela e promover as accións legais que sexan oportunas en aras de facer cumprir o Convenio bilateral de Seguridade Social entre España e Venezuela, asinado o 12 de maio de 1988, establecendo os mecanismos precisos para que o Goberno de Venezuela garanta ao español o pago do importe íntegro das cantidades adebedadas e a continuidade das prestacións.
- Que garanta aos pensionistas de Venezuela residentes en Galicia que cumpran os requisitos esixidos polas normas xerais españolas, o cobro da pensión que lle corresponda, por non ter efectividade os ingresos de Venezuela, de tal xeito que poidan percibir a prestación periódica que proceda en función da súa situación social segundo o previsto na nosa lexislación vixente, adiantándoa de xeito transitorio, sen carácter consolidable e con carácter reintegrable, ata que o Goberno de Venezuela volva regularizar o pago das súas pensións”.

Santiago de Compostela, 05 de maio de 2.017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 05/05/2017 15:18:17**

**Raquel Arias Rodríguez na data 05/05/2017 15:18:31**

**César Manuel Fernández Gil na data 05/05/2017 15:18:39**

**Jacobo Moreira Ferro na data 05/05/2017 15:18:47**

**María Isabel Novo Fariña na data 05/05/2017 15:19:06**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 05/05/2017 15:19:20**

**Alberto Pazos Couñago na data 05/05/2017 15:19:35**

**Paula Prado Del Río na data 05/05/2017 15:19:45**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 05/05/2017 15:20:02**

## **A Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José González Vázquez, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

### **Exposición de motivos**

Na última semana do mes de abril de 2017 as xeadas causaron danos considerables nas denominacións de orixe vitivinícolas ourensás. A avaliación de danos levada a cabo pola Consellería do Medio Rural determina unha afectación do 90% dos viñedos da denominación de orixe Monterrei, entre o 60% e o 70% en Valdeorras, un 30% na DO Ribeiro e, en torno a un 20% na DO Ribeira Sacra. Trátase de datos globais, aínda que hai zonas en cada unha das comarcas nas que a afectación foi total.

Os danos son considerables e van a conlevar unha serie de gastos adicionais aos viticultores derivados das operacións de repoda e recuperación do viñedo que deben de levar a cabo. A prioridade nos primeiros momentos debe de ser a avaliación dos danos producidos así como trasladar aos viticultores toda a información necesaria sobre os traballos de recuperación do viñedo.

Unha vez realizadas esas actuacións, o Grupo Parlamentario Popular considera necesario desenrolar todas aquelas medidas que, dentro da legalidade aplicable e tendo en conta as dispoñibilidades financeiras, axuden a paliar os efectos que as xeadas van ter na economía dos axentes implicados.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Que habilite todos os mecanismos ao seu alcance para que técnicos especializados poidan asesorar convenientemente aos viticultores nas labores de repoda e recuperación dos viñedos.



2. Que realice todas as actuacións precisas para a consideración das xeadas da última semana de abril de 2017 como “fenómeno climático adverso” na terminoloxía das directrices europeas aplicables, como paso previo á posible concesión de axudas aos produtores afectados e destinadas á reparación dos danos causados.
3. Que se dirixa ao Goberno español para que o Ministerio de Hacienda tome en consideración os danos causados polas xeadas a efectos de minorar o rendimento resultante do método de estimación obxectiva aplicable no IRPF dos viticultores afectados nos anos 2017 y 2018.
4. Que se dirixa ao Goberno español para que a Seguridade Social tome en consideración os danos causados polas xeadas a efectos de establecer bonificacións ou moratorias sen intereses nos pagos a este organismo que deban de facer os viticultores afectados nos anos 2017 e 2018.
5. Que en colaboración coas entidades financeiras públicas ou privadas establezan convenios que permitan financiar a perda de ingresos dlos viticultores afectados en máis dun 50% da súa produción, habilitando préstamos a custe cero e con prazos adecuados de devolución.
6. Impulsar de maneira decidida a contratación de seguros contra xeadas e outros riscos excepcionais que afectan ás explotacións agrícolas.
7. Que nas axudas para a mellora das explotacións agrícolas se prime especialmente a implantación de sistemas anti xeadas.
8. Que nas axudas para plantación de novos viñedos se conceda prioridade ás plantacións que se realicen naquelas zonas que polas súas características de altitude, orientación e ventilación estean menos expostas ás xeadas.
9. Que na concesión de dereitos de plantación se conceda prioridade as plantacións que se realicen naquelas zonas que polas súas características de altitude, orientación e ventilación estean menos expostas ás xeadas”.



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/05/2017 16:30**  
**Nº Rexistro: 8726**  
Data envío: 05/05/2017 14:48:29.831

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 05/05/2017 14:44:35**

**José González Vázquez na data 05/05/2017 14:44:46**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 05/05/2017 14:44:56**

**Raquel Arias Rodríguez na data 05/05/2017 14:45:03**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 05/05/2017 14:45:11**

**Moisés Blanco Paradelo na data 05/05/2017 14:45:21**

**Carlos Gómez Salgado na data 05/05/2017 14:45:28**

**Daniel Vega Pérez na data 05/05/2017 14:45:38**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/05/2017 10:55**  
**Nº Rexistro: 8741**  
Data envío: 08/05/2017 10:55:57.275

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás previsións da Consellería para a construción dun pavillón deportivo no CEIP Julio Gurriarán do Barco de Valdeorras.

Desde maio de 2016 a comunidade educativa do CEIP “Julio Gurriarán Canalejas” do Barco de Valdeorras comezou unha campaña de mobilizacións para reclamar un pavillón de deportes para o centro. Neste sentido, é de salientar que este CEIP é o único da comarca que non conta con pavillón deportivo. Por este motivo, ao non dispoñer dun pavillón deportivo cuberto, as clases de Educación Física desenvólense, por veces, no salón de actos que tamén se utiliza para outras moitas actividades escolares e mesmo extraescolares; Outras veces, o alumnado desprázase ao Polideportivo municipal para poder levar adiante estas clases de educación física.

A comunidade educativa deste CEIP entende que resulta moi necesario a construción dun polideportivo cuberto para poder levar adiante unhas clases de educación física con parámetros de calidade e á altura dos tempos que corren; por esa razón manifestan a súa determinación a seguir reclamando unha infraestrutura que consideran fundamental, que foi prometida por parte da administración educativa sen chegar a verificarse.



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galicia**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/05/2017 10:55**  
**Nº Rexistro: 8741**  
Data envío: 08/05/2017 10:55:57.275

Diante das mobilizacións da comunidade educativa, xa hai máis dun ano apareceron noticias en prensa que afirmaban que a Consellería de Educación está a traballar nun proxecto de construción dun pavillón no CEIP Julio Gurriarán do Barco.

Diante destas noticias a comunidade educativa afirma estar farta de promesas incumpridas por parte da Xunta de Galiza. Mesmo manifestan a súa disposición a seguir mobilizándose para reclamar unha infraestrutura que consideran fundamental para o CEIP.

O Grupo Parlamentar do BNG considera fundamental o garantir unha educación pública e de calidade e por esa razón comparte a reclamación da Comunidade educativa deste CEIP do Barco.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a tomar as medidas necesarias e urxentes para construír un pavillón deportivo cuberto no CEIP Julio GurriaránCanalejas, do Barco de Valdeorras.”

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2017

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/05/2017 10:55**  
**Nº Rexistro: 8741**  
Data envío: 08/05/2017 10:55:57.275

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 08/05/2017 10:28:51**

**Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2017 10:28:59**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 08/05/2017 10:29:48**

**María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2017 10:29:55**

**Xosé Luis Bará Torres na data 08/05/2017 10:29:57**

**Ana Pontón Mondelo na data 08/05/2017 10:30:01**

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Julio Torrado Quintela, Abel Losada Alvarez e María Dolores Toja Suárez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

### Exposición de motivos

A actividade de extracción do percebe está regulada de forma que se consideran dúas vías para a extracción: a flote e a pé. Esta regulación atópase explicitada na Orde do 30 de decembro de 2015, de regulación de explotacións dos recursos específicos (DOG, xoves 21 de xaneiro de 2016).

Existe inquietude nos colectivos de percebeiros e percebeiras sobre a interpretación desta regulación acerca da súa actividade. Estanse a dar casos que impiden, de maneira aparentemente discrecional, o exercicio da actividade a moitos traballadores e traballadoras da extracción do percebe, tanto dos que o fan a pe como a flote. Esta situación provoca unha enorme dificultade para as persoas que traballan no sector, producíndose escenarios de conflitividade que prexudican aos traballadores e traballadoras, á imaxe do sector e ao impacto e repercusión económica do mesmo pola afectación que ten sobre a calidade e prezo do produto.

Un escenario paradigmático sobre a situación estase a dar na Confraría de Pescadores a Anunciada de Baiona, na que existen casos nos que se están a recibir advertencias escritas, dende a segunda metade do ano 2016, que indican incumprimento da Lei de pesca de Galicia (Lei 11/2008) no seu artigo 136.b.2 que sinala como falta leve: *o incumprimento das normas dos plans de xestión aprobados pola Consellería competente*. Non entanto en ningún momento se explicita que aspecto, cuestión, artigo, punto ou apartado do plan de xestión se incumpre. Paralelamente, distintos órganos implicados ofrecen resolucións que amparan o cumprimento das normativas por parte dos traballadores do sector, como a recente resolución da Capitanía Marítima de Vigo (03.03.2017) que, refrendando a Lei de

## Grupo Parlamentario

navegación marítima, sostén que “a dirección técnica de calquera buque ou embarcación recae sobre o capitán ou patrón da mesma”.

Nos últimos meses, o Grupo Socialista no Parlamento de Galicia ten preguntado ao Goberno galego en dúas ocasións por esta situación, tanto no Pleno directamente á conselleira do Mar (Pleno do Parlamento de Galicia, 27 de decembro de 2016) como á directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo, do 20 de xaneiro de 2017). Nestas preguntas ao Goberno, tras ser recoñecida a existencia desta situación e as advertencias de sancións ou sancións efectivas, non foi aclarado en ningún caso nin o motivo destas, nin as perspectivas de resolución que ten a Consellería ante a conflitividade desatada por esta cuestión.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Establecer unha mesa de diálogo cos distintos axentes implicados para aclarar a normativa existente sobre a extracción de percebe, o procedemento de toma de decisión sobre a determinación das condicións de mal tempo e as posibles variacións en próximas regulacións.
2. Atender de xeito especial á situación existente na Confraría de Pescadores a Anunciada de Baiona, levando a cabo as accións necesarias para garantir un correcto desenrolo das actividades pesqueiras e extractivas, velando pola seguridade, o cumprimento da legalidade e resolvendo a conflitividade existente que está a prexudicar ao conxunto do sector.

Pazo do Parlamento, 8 de maio de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Abel Losada Alvarez

María Dolores Toja Suárez

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga



 Grupo Parlamentario

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 08/05/2017 13:46:53**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/05/2017 13:46:59**

**María Dolores Toja Suárez na data 08/05/2017 13:47:04**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/05/2017 13:47:25**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

### Exposición de motivos

A Disposición adicional 1ª da Lei de dereito civil de Galicia 2/2006, do 14 de xuño, establece o seguinte: *“Cada cinco anos, como máximo, sen prexuízo da iniciativa parlamentaria correspondente, a Mesa do Parlamento de Galicia designará unha Comisión, integrada por membros dos diversos grupos parlamentarios da Cámara, a fin de elaborar un informe comprensivo das dificultades e dúbidas que se advirtan na aplicación dos preceptos da presente lei e de aquelas normas que se estimen necesarias para a conservación, modificación e desenvolvemento das institucións do Dereito Civil propio de Galicia”*.

Eses 5 anos de prazo máximo xa se cumpriron no mes de xuño de 2011 e nada se ten impulsado por parte do Goberno galego, agás a celebración de dúas reunións dunha Comisión de Expertos en agosto e setembro de 2010 para establecer un calendario e para decidir cales serían as ponencias técnicas e unha terceira en febreiro de 2011, que foi a última. Estamos en 2017 e seguimos sen nada máis.

## Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a presentar un informe comprensivo das dificultades e dúbidas que se advirtan na aplicación dos preceptos da Lei de dereito civil de Galicia e daquelas normas para a conservación, modificación e desenvolvemento das institucións do Dereito Civil propio da nosa Comunidade Autónoma.

Pazo do Parlamento, 4 de maio de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

Juan Manuel Díaz Villoslada

Matilde Begoña Rodríguez

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

### Asinado dixitalmente por:

**Patricia Vilán Lorenzo na data 08/05/2017 17:55:35**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/05/2017 17:55:41**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/05/2017 17:55:47**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/05/2017 17:55:49**

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Ánxeles Cuña Bóveda e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 2.<sup>a</sup>**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A contaminación do río Limia é unha realidade, produto de moitos anos de vertidos de industrias e actividades agrícolas, gandeiras e de tratamentos de residuos gandeiros o longo da súa canle, por mor da actividade da extracción mineira (areeiros) e dos abonos na súa parte desecada.

Esta situación ven acompañada dunha continua negación por parte da Consellería de Sanidade e da Confederación Hidrográfica, so admitida recentemente de xeito mínimo, cando nos atopamos diante das maiores contaminacións fluviais de toda a Unión Europea.

Esta situación ven de arruinar a pequena actividade turística existente a carón do encoro no concello de Muíños e de Bande, e esténdese de forma alarmante o resto do curso do río Limia, podendo xa observarse os seus efectos no encoro de Lindoso e acercándose perigosamente as poboacións portuguesas de Ponte da Barca e Ponte de Lima.

No ano 2012 a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil encargou un informe sobre o estado das augas o Laboratorio de Biogeoquímica de Isótopos Estables do CSIC e obtivo informes demoledores no 2014, chegando a conclusión de que



a carga gandeira da comarca da Limia e o nulo tratamento que se lle da os residuos son a causante das cianobacterias aparecidas o longo do río Limia.

Deste estudo desprendeuse que agora mesmo, os datos de nitrato destas augas son os máis altos do mundo, sendo o medio natural capaz de eliminar por si so un 20% destes residuos.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.<sup>a</sup>

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.-Facer un programa específico de educación e concienciación entre os propietarios dos areiros e os gandeiros para rebaixar así o nivel de contaminación.
- 2.-Investigar o peche do Centro Tecnolóxico Ambiental construído no ano 2007 por Coren e Caixa Galicia despois de recibir fondos públicos.
- 3.-Facer un estudo de viabilidade económica do CTA e darlle unha solución sostible e útil para a xestión dos puríns.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Ánxeles Cuña Bóveda,

Deputado e deputada do G.P. de En Marea

Antón Sánchez García

Voceiro S. do G.P. de En Marea.



**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 08/05/2017 18:47:31**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 08/05/2017 18:47:44**

**Antón Sánchez García na data 08/05/2017 18:47:51**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/05/2017 11:44**  
**Nº Rexistro: 8749**  
Data envío: 08/05/2017 11:44:18.093

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A estrada N 550 presenta numerosos problemas relacionados coa mobilidade peonil e a seguranza viaria, por tratarse dunha vía que ten unha moi elevada intensidade de tráfico e que atravesa numerosos núcleos de poboación. O treito comprendido entre o lugar de Paredes (concello de Vilaboa) e a intersección coa N552 en Redondela figura entre as zonas de maior concentración de accidentes do informe anual de EuroRAP sobre o nivel de risco en vías que forman parte da Rede de Estradas do Estado, sobre o que xa existe un acordo unánime da comisión 2ª do parlamento galego.

2. Ao paso da N 550 por Cesantes (concello de Redondela) danse unha serie de graves deficiencias en materia de mobilidade peonil e seguridade viaria, entre as que cabe salientar as seguintes:

- Inexistencia de beirarrúas na maior parte do trazado da vía.
- Inexistencia de pasos de peóns seguros e de medidas de redución e calado da velocidade.



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/05/2017 11:44**  
**Nº Rexistro: 8749**  
Data envío: 08/05/2017 11:44:18.093

- Ubicación na contorna da estrada do centro cultural e dun colexio de educación infantil e primaria, sen as máis elementais medidas de accesibilidade peonil segura.

- Intersección co Camiño Xacobeo Portugués nunha zona catalogada como punto negro polo perigo que supón cruzar a estrada 550.

3. A maiores, o acceso ao colexio pola estrada provincial que conecta a N 550 co lugar do Viso, presenta deficiencias e problemas de mobilidade e accesibilidade peonil. A carencia máis grave está relacionada co insuficiente espazo de estacionamento na entrada do centro escolar e o feito de que os autobuses accedan ao centro en manobra de marcha atrás, co conseguinte risco para as persoas que se desprazan a pé. Esta situación podería resolverse coa adquisición dun terreo lindante co colexio, que podería utilizarse como zona de estacionamento e de acceso dos autobuses.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a coordinarse co concello de Redondela e o Ministerio de Fomento para, no prazo de seis meses, elaborar un proxecto de mellora da seguranza viaria e a mobilidade peonil na N 550 ao seu paso por Cesantes (Redondela) e nomeadamente na contorna do colexio de educación infantil e primaria Outeiro das Penas.

O citado proxecto contemplará, cando menos, as seguintes actuacións:

1. Mellora da mobilidade peonil e da seguranza viaria na contorna da N 550 ao seu paso por Cesantes coa dotación de beirarrúas e o establecemento de medidas de redución efectiva da velocidade.



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/05/2017 11:44**  
**Nº Rexistro: 8749**

Data envío: 08/05/2017 11:44:18.093

2. Procura dunha solución segura á intersección da Camiño Portugués coa N 550 no cruzamento coa estrada de subida ao Viso.

3. Adquisición dos terreos necesarios para a ampliación da zona de estacionamento e entrada ao colexio desde a estrada provincial, para facilitar a manobra segura dos autobuses e das persoas que acceden a pé ao centro educativo.”

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2017

**Asdo.: Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 08/05/2017 11:39:33**

**Noa Presas Bergantiños na data 08/05/2017 11:39:39**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/05/2017 11:44**  
**Nº Rexistro: 8749**

Data envío: 08/05/2017 11:44:18.093

**Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2017 11:39:43**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 08/05/2017 11:39:46**

**María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2017 11:39:49**

**Ana Pontón Mondelo na data 08/05/2017 11:39:51**

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Antón Sánchez García** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.<sup>a</sup>**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As contas de AUDASA, correspondentes aos exercicios 2015 e 2016, son moi elocuentes.

O proceso privatizador, levado a cabo polo Goberno Popular de Aznar, aseguroulle a unha empresa privada un negocio suculento, seguro e blindado por moitísimos anos.

Deste xeito tamén se hipoteca o futuro dos usuarios desa infraestrutura ate o ano 2048, de maneira que se pagan unhas das peaxes máis caras do Estado nunha infraestrutura que non ten alternativa e que conecta o litoral galego de norte a sur enlazando as cidades de Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Pontevedra e Vigo, ademais de vilas e zonas moi poboadas.

A taxa de beneficio (BAI/ingresos por peaxe), foi no 2015 do 46,48%, no 2016 foi do 43,3%. Un auténtico choio de beneficios, o que determina que no 2015 e 2016 a terceira parte dos dividendos repartidos polas concesionarias no total do Estado corresponden a Audasa.



No ano 2015, por exemplo, 132 millóns de euros en peaxes e 44, 6 millóns de euros de beneficio neto, e agora cun panorama alentador para a empresa de recuperación dos tráfico perdidos durante a chamada crise e axudados polo feito de que Audasa subirá as peaxes polo menos un 1 % durante os próximos 20 anos para pagar as obras de ampliación de Rande e a circunvalación de Santiago.

No 2016 as peaxes cobradas foron 138 millóns e os beneficios, despois de impostos, 45 millóns.

Ausada é a concesionaria do Estado con menor número de empregados por km de autopista (0,37 fronte á media de 1,05) e, pola contra, é a concesionaria do Estado co maior número de reclamacións dos usuarios.

Ante estas cifras é necesario valorar o rescate para o público como opción máis vantaxosa.

Ante a situación desa infraestrutura tan importante para Galiza, estraña que non exista un estudio do Goberno galego sobre as posibilidades dese rescate cuantificando o custe e a viabilidade financeira.

Hai indicios suficientes para pensar que, a pesares de que a privatización do 2005 lle deixou unha posición enormemente vantaxosa á empresa concesionaria, hai marxe para plantexar un rescate da AP-9 que sexa beneficioso para a cidadanía galega.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:



O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que no prazo de 3 meses se elabore un estudo da viabilidade do rescate da AP-9 para o público, contemplando o seu custe económico, o valor económico do rescate por parte da Xunta de Galicia, un estudo de viabilidade, o seu impacto tarifario para o público e as alternativas para o seu financiamento.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Voceiro S. do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 09/05/2017 12:35:47**

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

### Exposición de motivos

No mes de febreiro deste ano reuníanse o vicepresidente da Xunta de Galicia, a conselleira de Infraestruturas e Vivenda e o alcalde de Pontevedra, coa fin de tratar o asunto de financiamento do proxecto de estación intermodal para a cidade.

O proxecto de estación intermodal xa vén de vello. Consiste en acadar que Pontevedra teña conexión entre as estacións de trens e autobuses, ademais da unión desta segunda estación coa nova avenida Josefina Arruti a través dun ramal e da creación dun gran espazo con aparcamento para dar servizo entre as dúas estacións. Polo visto, a proposta da Xunta de Galicia é a instalación dunha pérgola de conexión peonil duns 100 metros (descartando entón un túnel ou unha pasarela elevada).

A cuestión está en que o Goberno galego axude a cofinanciar, xunto co concello, esta obra. Mais dende o mes de febreiro nada se sabe e ocorre que o Proxecto de lei de orzamentos do Estado nada di e a Lei de orzamentos da Xunta de Galicia só destina 100.000 euros en 2017.

**Grupo Parlamentario**

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar, para 2017, un proxecto de estación intermodal para a cidade de Pontevedra, que implique a conexión entre as estacións de trens e autobuses e cun sistema de unidade/compatibilidade de horarios e billetes únicos, habilitando unha nova partida orzamentaria a tal efecto.

Pazo do Parlamento, 9 de maio de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Raúl Fernández Fernández  
María Luisa Pierres López  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 09/05/2017 13:39:53**

**Raúl Fernández Fernández na data 09/05/2017 13:39:59**

**María Luisa Pierres López na data 09/05/2017 13:41:10**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/05/2017 13:41:15**

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, María Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

### Exposición de motivos

A ría de Arousa resulta de importancia capital para o sector marisqueiro de Galicia, pola súa alta produtividade e, por tanto, a repercusión que a actividade do sector ten para esa comarca e para o resto de Galicia de maneira indirecta.

Dentro da ría, a zona dos Lombos do Ulla supón un espazo determinante para desenvolvemento de toda a actividade extractiva. Coa chegada das épocas de libre marisqueo, este espazo dos lombos vese ateigado de embarcacións que traballan á procura de produto. Non entanto, o mantemento da zona a través de tarefas de rexeneración, e a planificación sobre os tempos do libre marisqueo, supoñen unha das demandas máis importantes de traballadores/as e confrarías.

A meirande parte dos patróns maiores da ría veñen demandando nos últimos tempos algunhas medidas que contribúan a mellorar a produtividade da zona. De xeito específico, existe a proposta de recuperar os antigos canais que existían nos Lombos do Ulla, para así poder navegar baixamares, retirando area que existe en grandes cantidades agora mesmo e impide o paso das embarcacións.

Tanto a falta de planificación sobre os tempos do libre marisqueo como o retraso nas tarefas de rexeneración e retirada de area impiden un traballo efectivo e produtivo nos lombos, o que provoca tanto unha moi baixa ou nula produtividade para os/as mariscadores/as, como a tendencia de moitas

## Grupo Parlamentario

das embarcacións a desprazarse ás zonas de Bohido e Cabío, provocando tamén saturacións nestes lugares.

Os orzamentos de 2017 non avanzaron ningunha partida específica para unha intervención que os patróns maiores, en nome do sector, demandan insistentemente. O Grupo Parlamentario Socialista presentou emenda específica aos orzamentos da Consellería de Mar para solicitar a rexeneración deste lugar, pero foi rexeitada polo Partido Popular. De maneira continuada os patróns maiores da ría veñen solicitando xuntanzas con representantes da Consellería do Mar, sendo estas demoradas ou non respondidas, o que produce inquedanza e malestar no sector.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que estableza, en acordo coas confrarías da ría de Arousa, un calendario de actuacións nos Lombos do Ulla, que comece pola retirada á maior brevidade de area nas zonas que dificultan a navegación, destinadas a mellorar a produtividade na zona.

Pazo do Parlamento, 9 de maio de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
María Dolores Toja Suárez  
Patricia Vilán Lorenzo  
Raúl Fernández Fernández  
María Luisa Pierres López  
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 09/05/2017 14:04:23**

**María Dolores Toja Suárez na data 09/05/2017 14:04:31**



 Grupo Parlamentario

**Patricia Vilán Lorenzo na data 09/05/2017 14:04:37**

**Raúl Fernández Fernández na data 09/05/2017 14:04:42**

**María Luisa Pierres López na data 09/05/2017 14:04:48**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/05/2017 14:04:53**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, María Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

### Exposición de motivos

A ría de Arousa resulta de importancia capital para o sector marisqueiro de Galicia, pola súa alta produtividade e, por tanto, a repercusión que a actividade do sector ten para esa comarca e para o resto de Galicia de maneira indirecta.

Dentro da ría, a zona dos Lombos do Ulla supón un espazo determinante para desenvolvemento de toda a actividade extractiva. Coa chegada das épocas de libre marisqueo, este espazo dos lombos vese ateigado de embarcacións que traballan á procura de produto. Non entanto, o mantemento da zona a través de tarefas de rexeneración, e a planificación sobre os tempos do libre marisqueo, supoñen unha das demandas máis importantes de traballadores/as e confrarías.

A meirande parte dos patróns maiores da ría veñen demandando nos últimos tempos algunhas medidas que contribúan a mellorar a produtividade da zona. De xeito específico, existe a proposta de recuperar os antigos canais que existían nos Lombos do Ulla, para así poder navegar baixamares, retirando area que existe en grandes cantidades agora mesmo e impide o paso das embarcacións.

Tanto a falta de planificación sobre os tempos do libre marisqueo como o retraso nas tarefas de rexeneración e retirada de area impiden un traballo efectivo e produtivo nos lombos, o que provoca tanto unha moi baixa ou nula produtividade para os/as mariscadores/as, como a tendencia de moitas

## Grupo Parlamentario

das embarcacións a desprazarse ás zonas de Bohido e Cabío, provocando tamén saturacións nestes lugares.

Os orzamentos de 2017 non avanzaron ningunha partida específica para unha intervención que os patróns maiores, en nome do sector, demandan insistentemente. O Grupo Parlamentario Socialista presentou emenda específica aos orzamentos da Consellería de Mar para solicitar a rexeneración deste lugar, pero foi rexeitada polo Partido Popular. De maneira continuada os patróns maiores da ría veñen solicitando xuntanzas con representantes da Consellería do Mar, sendo estas demoradas ou non respondidas, o que produce inqueda e malestar no sector.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que estableza, en acordo coas confrarías da ría de Arousa, un calendario de actuacións nos Lombos do Ulla, que comece pola retirada á maior brevidade de area nas zonas que dificultan a navegación, destinadas a mellorar a produtividade na zona.

Pazo do Parlamento, 9 de maio de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
María Dolores Toja Suárez  
Patricia Vilán Lorenzo  
Raúl Fernández Fernández  
María Luisa Pierres López  
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 09/05/2017 14:03:37**

**María Dolores Toja Suárez na data 09/05/2017 14:03:45**



 Grupo Parlamentario

**Patricia Vilán Lorenzo na data 09/05/2017 14:03:53**

**Raúl Fernández Fernández na data 09/05/2017 14:03:58**

**María Luisa Pierres López na data 09/05/2017 14:04:04**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/05/2017 14:04:09**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

### Exposición de motivos

Internet tense convertido nunha realidade omnipresente na nosa vida persoal e colectiva, tanto que cómpre traballar no pulo da garantía dos dereitos da cidadanía nese mundo.

A propia UE ten previsto un futuro regulamento (que entrará en vigor en maio de 2018) sobre transparencia e *open data*, o que pon de manifesto o fundamental de internet para as vidas das persoas.

Non obstante, en España, a CE de 1978 (no seu artigo 18) evidencia claras limitacións para atender ás necesidades actuais de garantía dos dereitos dixitais da cidadanía, tamén despois da súa morte ou cando a súa capacidade é xudicialmente modificada, xa que estamos a falar de dereitos persoalísimos, polo que a extinción das contornas dixitais só pode ser feita pola persoa mesma. Non só a Constitución, incluso a lexislación nacional vixente en materia de sucesións non dá resposta a estas cuestións, polo que convén entón establecer unhas normas que permitan determinar a cada persoa como debe administrar o seu legado persoal en relación cos seus dereitos dixitais, é dicir, despois da morte ou cando a súa capacidade é xudicialmente modificada.

E nesta materia de dereitos dixitais, a lexislación galega non é unha excepción: a Lei de dereito civil de Galicia 2/2006, do 14 de xuño, regula a sucesión por causa de morte no seu Título X, pero nada di sobre as vontades dixitais das persoas, que se poderían regular a través dalgunha das

## Grupo Parlamentario

formas de testamento que a propia lei regula, mediante pactos sucesorios ou incluso a través das disposicións testamentarias especiais.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a regular as vontades dixitais (ou disposicións para extinguir unha persoa todas as súas contornas dixitais) que se establecen para despois da morte ou para cando a capacidade sexa xudicialmente modificada, ben nas formas sucesorias que regula o Título X da Lei de dereito civil de Galicia 2/2006, do 14 de xuño, ou ben na forma dun documento de vontades dixitais que se ha de inscribir no rexistro de vontades dixitais creado a tal efecto.

Pazo do Parlamento, 9 de maio de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 09/05/2017 17:02:30**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 09/05/2017 17:02:35**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 09/05/2017 17:02:40**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/05/2017 17:02:42**

## Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, María Dolores Toja Suárez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, José Manuel Pérez Seco e Abel Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

En Galicia existen 53 comarcas: 18 na provincia da Coruña, 13 na de Lugo, 12 na de Ourense e 10 na provincia de Pontevedra. Cada un coas súas características, orografía, particularidades naturais e monumentos arquitectónicos. Así pois, cada unha dependente dunha economía, dun calendario e dunha peculiaridade propia.

Entre elas, por exemplo, a Costa da Morte, ofrece un xeodestino turístico en auxe debido ás características únicas da súa natureza, como son as súas praias e a costa. Pero tamén en canto ao seu patrimonio, cultura, gastronomía, etc.

O bo tempo e o esforzo realizado polos concellos en canto a programación de actividades axudou a que esta Semana Santa se rexistrasen uns datos moi positivos en número de visitantes a esta comarca. Para o próximo festivo do día 1 de maio tamén se prevé un elevado número de visitantes.

Unha das deficiencias detectadas ao longo deste período vacacional é a resultante das condicións establecidas nas bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados turísticos e a xeodestinos de Galicia, que limitan as posibilidades de contratación de persoal nas oficinas de turismo a unicamente os meses de xuño, xullo, agosto e setembro, é dicir, dende o 15 de xuño ao 15 de setembro.

Trátase dun modelo desfasado e insuficiente que non se corresponde coa corrente real de visitantes aos concellos, para facer a iniciativa extensible a outros concellos que sofren os mesmos problemas, e que impide que se poida ofrecer un servizo de calidade con comodidade. Faise preciso, polo tanto, un modelo que responda ás necesidades reais e aporte flexibilidade, de modo que os concellos podan realizar estas contratacións fixando, de acordo coas súas necesidades, as datas que requirirán deste servizo, que non necesariamente son as mesmas en todos os concellos.

## Grupo Parlamentario

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que, despois da data de aprobación desta iniciativa, as ordes das convocatorias adapten as subvencións para a contratación de persoal nas oficinas de turismo ás necesidades reais dos concellos declarados turísticos e xeodestinos de Galicia.

Pazo do Parlamento, 9 de maio de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 09/05/2017 17:53:01**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 09/05/2017 17:53:15**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 09/05/2017 17:53:20**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 09/05/2017 17:53:59**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/05/2017 17:54:39**

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do deputado **Davide Rodríguez Estévez** e da deputada **Paula Quinteiro Araujo** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 7.<sup>a</sup>**, sobre o recoñecemento da titularidade veciñal.

### Exposición de Motivos:

Os montes veciñais en man común son restos de antigas titularidades colectivas. A súa titularidade correspóndelle a veciñanza comuneira, independentemente de que as formen nun momento dado, entendida a veciñanza non como un ente administrativo, senón como un grupo social.

Os montes veciñais en man común son titularidades sen asignación de cotas e xa que logo, non poder herdarse nin transmitirse.

Os montes veciñais en man común son titularidades de carácter xermánico, imprescritibles, indivisibles, inalienables e inembargables. Son outra forma de posuír que temos as galegas e galegos.

A súa xestión, a administración e a posta en valor dos montes veciñais en man común, non pode levarse adiante de xeito individual. Ten que ser tomada de xeito democrático nas asembleas xerais das comunidades de montes veciñais en man común.

Os montes veciñais non son nin titularidades públicas, nin titularidades privadas. Son titularidades colectivas, veciñais e comunitarias, sen embargo, en tódalas lexislacións, tanto estatais como autonómicas, os montes veciñais en man común están adscritos ós montes de titularidade pública.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.<sup>a</sup>.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Que recoñeza os montes veciñais en man común como unha titularidade veciñal, comunitaria, distinta e en pé de igualdade das titularidades públicas e privadas.
2. Trasladar este recoñecemento a tódalas lexislacións estatais e autonómicas nas que figure o monte veciñal en man común.

Santiago de Compostela, a 9 de maio de 2017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araujo,

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.



**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 09/05/2017 19:15:31**

**Paula Quinteiro Araújo na data 09/05/2017 19:15:44**

**Luis Villares Naveira na data 09/05/2017 19:15:52**

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** e da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 7.ª**, sobre as actuacións que a Xunta debe desenvolver para solucionar as dificultades na tramitación de axudas a agricultores.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

En ocasións, as dificultades burocráticas derivadas da tramitación dalgunhas liñas de axuda fan que moitas persoas que puideran beneficiarse das mesmas non o poidan facer.

A Xunta de Galicia debería esforzarse para pór en marcha facilidades para a tramitación administrativa destas axudas. A situación ven sendo denunciada por diversas organizacións agrarias, que falan das dificultades enormes que se atopan moitas das persoas solicitantes.

Os datos sobre a situación do noso rural revelan que hai un envellecemento da poboación agraria moi marcado, que vén acompañado do peche de numerosas explotacións e da consecuente redución de poboación activa no sector. Indicadores que nos amosan que as políticas destinadas a reverter esta situación están fracasando.

Por iso, resulta urxente que poñamos en marcha todas as medidas que poidan favorecer que teñamos un rural dinámico, no que se aumente a poboación activa e se produza un relevo xeracional coa conseguinte redución do nivel de envellecemento.

Fai falla de forma urxente modificar por completo a política que atinxe ao rural, colocándoo como prioridade, mellorando a planificación e os investimentos. Facilitar a tramitación das axudas podería ser un primeiro paso positivo.

As causas das dificultades que atopan as persoas que queren tramitar estas son moitas, e debemos actuar sobre todas elas. Unha das máis facilmente reversibles atinxe aos prazos das convocatorias.

No caso das axudas a incorporación de xente nova á profesión agraria, os plans de incorporación convocáronse o 31 de marzo, pero foron modificados por unha normativa complementaria o 20 de abril, cando o prazo remataba o 2 de maio.

Finalmente, o prazo ampliárase até o 15 de maio, mais esta ampliación segue a ser insuficiente, máxime cando as informacións sobre a ampliación do prazo chegaron moi tarde.

Esta situación vén acompañada do desmantelamento das oficinas agrarias comarcais. Estas deixaron de prestar servizos coma os estudos económicos para as subvencións de incorporación, o que fai que se incrementen as dificultades. Ademais as axudas tramítanse telematicamente a través dun programa complexo, sen ter en conta as dificultades de acceso que poden ter determinadas persoas que viven no rural para facer a solicitude.



Por todo o exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.<sup>a</sup>

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver as seguintes medidas:

1. Manter xuntanzas coas Organizacións Agrarias para poder acordar un novo prazo de presentación das solicitudes.
2. Nas vindeiras convocatorias tratarase de consensuar coas distintas organizacións agrarias as datas e os prazos axeitados.

Santiago de Compostela, a 9 de maio de 2017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araujo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 09/05/2017 19:14:24**

**Paula Quinteiro Araújo na data 09/05/2017 19:14:35**

**Luis Villares Naveira na data 09/05/2017 19:14:45**

**Grupo Parlamentario**

**Á Mesa do Parlamento**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

A situación do sector lácteo en Galicia está a facer moi difícil a sustentabilidade das explotacións. E iso, a pesar de que en España só se produce o 78 % do que se consume (Declaracións obrigatorias do sector vacún de leite de maio de 2016), e que Galicia é un territorio onde, as súas condicións naturais, mostran maior disposición para esta produción. Se a esta situación de crise láctea engádese que esta se abate sobre un sector vertebrador e estabilizador dun territorio cun alto nivel de despoboamento onde o inverno demográfico está a poñer en risco a propia estabilidade territorial, apréciase máis aínda a necesidade de acometer medidas estruturais para o seu mantemento viable.

A raíz do novo escenario de liberalización do mercado imposto pola desaparición en abril de 2015 das cotas lácteas, no ano 2016 en Galicia, dun total de algo máis de 9.000 explotacións, perdéronse case 600 explotacións, e entre xaneiro e marzo de 2017 perdéronse 75 explotacións máis, segundo datos do Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente.

O prezo medio de venda en España leva descendendo desde ao ano 2013, e a pesar das medidas adoptadas pola Comisión, aínda non mostra ningunha tendencia cara á recuperación.

A etiquetaxe nos produtos lácteos cumpre unha dobre función. Por unha banda, infórmanos da súa calidade e por outra permítenos coñecer as súas características principais. Debemos saber que todos os fabricantes deben cumprir cos requisitos da normativa vixente respecto á etiquetaxe.

Nunha boa etiquetaxe, nunca deben faltar nin a denominación do produto, a súa lista de ingredientes, o seu modo de emprego, o seu peso ou volume, as condicións de conservación, o lote ao que pertence o produto, a súa data de

## Grupo Parlamentario

caducidade ou consumo preferente, a identificación da empresa e a súa etiqueta nutricional nos casos en que sexa obrigatorio.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a:

1º) Promover a identificación obrigatoria da orixe galega dos produtos lácteos, incluso cando son utilizados como ingredientes de derivados lácteos de todo tipo.

2º) Elaborar un plan de inspeccións con seguimento periódico nas superficies comerciais para vixiar o cumprimento da Lei 12/2013, do 2 de agosto, da cadea alimentaria, da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, da Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de competencia desleal, e do Código de comercio, polo miúdo.

3º) Crear un sistema de control e seguimento das importacións de produtos lácteos.

Pazo do Parlamento, 28 de abril de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 10/05/2017 13:02:51**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 10/05/2017 13:03:07**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/05/2017 13:03:18**

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao, Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.<sup>a</sup>**, sobre a contaminación do río Pesqueiras ao seu paso polo Concello de O Saviñao.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O río Pesqueiras é un afluente do Miño que pasa pegado á central láctea de CELEGA, para continuar uns 5 quilómetros despois ata o lugar de Pesqueiras e, dende alí, iniciar o pronunciado descenso ata a desembocadura no Miño, xusto na base da presa de Belesar.

En febreiro do ano 2016, recibíronse multitude de queixas polo alarmante estado das augas que baixaban espumosas e malolentes pese a gran cantidade de choiva caída.

Desde esa data os verquidos son diarios e continuados no tempo, sen periodos de descanso.

Tamén se comprobou o fedorento olor das augas ao paso do río baixo a estrada e corredor rápido, á altura do desvío ao lugar de Vilamor e da confluencia do rego Saviñao, unhos dous quilómetros e medio máis abaixo da central.

Esta central láctea CELEGA xa recibiu varias denuncias medioambientais, pero parece que é máis rendible o pago das multas administrativas que a solución definitiva do problema . De feito, no ano 2016 foi denunciada por tres entidades



diferentes, e a día de hoxe aínda non se tomou medida correctora nin sancionadora por parte das distintas administracións. Dende En Marea só pretendemos que a empresa inverta unha pequena porcentaxe dos seus beneficios na reposición das condicións naturais do río Pesqueiras.

A empresa CELEGA orixinaria adicábase á produción de queixo e xa daquela fora sancionada por Medio Ambiente. Actualmente, despois da súa venda, é unha planta de almacenamento de leite onde conflúen unha gran cantidade de camións cisterna antes de ser transportada ata Toledo. Considérase que a causa fundamental da contaminación sostida e permanente é a grande cantidade de cisternas dos camións que son lavadas con produtos químicos (ácidos e caústicos) que logo son verquidos ao río sen a corrección necesaria, dada a falta de capacidade da vella depuradora.

O río Pesqueiras, pese a recibir a auga da depuradora de Escairón, baixa nun aceptable estado ata que se achega á central láctea de CELEGA, nas que se aprecia a vexetación ripícola habitual.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.<sup>a</sup>

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a esixirlle á empresa CELEGA que executen as medidas correctoras necesarias para manter este río vivo.

Santiago de Compostela, a 10 de maio de 2107.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao



Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados e Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 10/05/2017 16:49:42**

**Luis Villares Naveira na data 10/05/2017 16:49:52**

**Paula Vázquez Verao na data 10/05/2017 16:50:04**

**Antón Sánchez García na data 10/05/2017 16:50:08**

**Marcos Cal Ogando na data 10/05/2017 16:50:16**

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

### Exposición de motivos

O servizo público da xustiza é vital para a vertebración do estado social e democrático de dereito. Necesitamos unha Administración de xustiza moderna, esencial para consolidar o estado de dereito e mellorar a calidade da nosa democracia. Unha nova oficina xudicial e a incorporación nas oficinas xudiciais das novas tecnoloxías inciden neste fin. Se a oficina xudicial existise, tamén existiría a centralización de servizos comúns e a imprescindible modernización tecnolóxica. Cómpre unha xustiza totalmente informatizada, onde os que se chaman operadores xurídicos e as distintas instancias da oficina xudicial se comuniquen entre si e coa oficina fiscal a través da rede informática. Pero a oficina xudicial, instrumento básico para o desenvolvemento da función xurisdiccional, está paralizada.

O Goberno galego elaborou un borrador de decreto para implantar os servizos comúns procesuais en Galicia. Segundo informacións recollidas expresamente na Memoria Xudicial do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para o ano 2014, o borrador estaba en fase de consulta cos distintos operadores xurídicos a finais de 2014, sendo previsible a súa aprobación ao longo de 2015. O decreto segue a ser unha incógnita ata o de agora, aínda que no ano 2016 xa fora remitido ao Consello Xeral do Poder Xudicial para informe.

Nestes días temos coñecido que o Goberno galego vai contratar a unha empresa de consultoría (EVERIS Spain SL) para que elabore un estudo que desenvolva un proxecto de oficina xudicial en Ourense, como experiencia piloto, e para que faga unha avaliación da actividade e dos recursos mediante unha diagnose da situación. Pero a cuestión está en que a empresa pouco vai poder dicir:

 Grupo Parlamentario

1. O Decreto xa foi negociado, informado e finalizado, só queda que sexa publicado.
2. Todos os datos estatísticos que se necesitarán nunha experiencia piloto -en canto a volume de actividade e carga de traballo- xa están dados polo Consello Xeral do Poder Xudicial e polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
3. Pedirlle a unha empresa que determine se os recursos humanos son os axeitados é rirse de todos os galegos e galegas. Para que está a Dirección Xeral de Xustiza entón?
4. Finalmente, córrese o risco de que ocorra o mesmo que coa empresa que se encargara hai 8 anos da diagnose da situación na Fiscalía de Santiago de Compostela, cos resultados que xa coñecemos.

En realidade, isto non é máis que a externalización privada da xestión da Administración de xustiza, máis claro a auga.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia á publicación inmediata do novo decreto da oficina xudicial en Galicia xa remitido no ano 2016 ao Consello Xeral do Poder Xudicial para informe, deixando sen efecto o encargo á empresa de consultoría EVERIS Spain SL.

Pazo do Parlamento, 10 de maio de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Noela Blanco Rodríguez  
Raúl Fernández Fernández  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**



---

 **Grupo Parlamentario**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 11/05/2017 12:10:59**

**Noela Blanco Rodríguez na data 11/05/2017 12:11:05**

**Raúl Fernández Fernández na data 11/05/2017 12:11:12**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 11/05/2017 12:11:18**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/05/2017 12:11:22**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/05/2017 12:11:24**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/05/2017 18:09**  
**Nº Rexistro: 8985**  
Data envío: 11/05/2017 18:09:22.387

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**, relativa ás actuacións que son precisas acometer para mellorar tanto o acceso como as instalacións do porto da Pobra.

A pesca é un sector estratéxico en Galiza, e como tal as súas necesidades deben ser obxecto de atención prioritaria por parte do Goberno galego. Dentro destas necesidades están as infraestruturas portuarias e o acceso aos peiraos; mais a realidade de moitos dos peiraos presentan tanto problemas de acceso por mor de falta de calado como de instalacións deficitarias ou con deficiencias.

Un deses peiraos é o da Pobra, polo que tanto a confraría como as asociacións de mexiloeiros están demandando solucións. Estes colectivos teñen denunciado que o peirao presenta problemas de calado, que ocasiona dificultades para acceder ao peirao de moitas embarcacións, denuncian que en mareas vivas, incluso embarcacións descargadas non poden entrar no peirao. Demandan solucións antes de que o problema se faga maior.

Ao problema de calado, tanto confraría como asociacións de mexiloeiros, suman a mala situación das instalacións portuarias. Problemas co subministro de



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/05/2017 18:09**  
**Nº Rexistro: 8985**

Data envío: 11/05/2017 18:09:22.387

auga doce e deficiencias no alumeado, falta de mantemento deste, tardanza en repoñer luminarias estragadas, chegando a estar durante meses de inverno só alumeado o peirao por un luminoso comercial, polo que reclaman celeridade nas reparación e a instalación de dous ou tres monolitos nas zonas de amarre, con conexión de auga doce e luz, para facilitar a realización de actuacións de mantemento das embarcacións.

Outra das demandas é a instalacións de “fingers” en número suficiente para a totalidade das embarcacións. Estas ramificacións dos pantaláns que serven para delimitar o espazo entre as embarcacións atracadas e protexelas, facilitar as manobras de amarre e ao tempo permite embarcar pola borda e non só pola popa ou proa, aportan seguridade e facilitan o acceso.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

-Realizar as actuacións de dragaxe precisas para mellorar o acceso das embarcacións ao o peirao da Pobra.

-Realizar as labores de mantemento do peirao con celeridade.

-Instalación de dous ou tres monolitos nas zonas de amarre, con conexión de auga doce e luz, para facilitar a realización de actuacións de mantemento das embarcacións.



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/05/2017 18:09**  
**Nº Rexistro: 8985**  
Data envío: 11/05/2017 18:09:22.387

-Proceder á instalacións de *fingers* en número suficiente para a totalidade das embarcacións que teñen amarre no peirao.”

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2017

**Asdo.: Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 11/05/2017 18:07:49**

**Noa Presas Bergantiños na data 11/05/2017 18:07:54**

**Olalla Rodil Fernández na data 11/05/2017 18:07:57**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/05/2017 18:09**  
**Nº Rexistro: 8985**

Data envío: 11/05/2017 18:09:22.387

**Xose Luis Rivas Cruz na data 11/05/2017 18:08:00**

**Xosé Luis Bará Torres na data 11/05/2017 18:08:04**

**Ana Pontón Mondelo na data 11/05/2017 18:08:07**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada Anxeles Cuña Bóveda e dos seus deputados Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.<sup>a</sup>**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Pena Trevinca é un macizo montañoso situado na zona máis oriental da provincia de Ourense, no que se atopa a maior altitude de Galicia. É o vértice xeográfico de tres provincias. Dúas da comunidade autónoma de Castela-León: Zamora ao Sur, e León o Este. A vertente Norte e Oeste forma parte do territorio dos concellos de A Veiga e Carballada de Valdeorras na provincia de Ourense que a súa vez están delimitados pola Serra do Eixo que acaba morrendo na bacía do Sil.

As cumes zamoranas de Trevinca forman parte do Parque Natural de Sanabria, creado en 1978, que vela pola preservación e conservación do Lago de Sanabria e do sistema de pequenas lagoas alpinas que o arrodean.

Pola contra, a zona ourensá 25.000 28.678 ha. hectáreas forman parte da Rede Natura 2000, e nela se atopa o Bosque do Teixadal, declarado ZEC (zona de especial conservación) que en Galicia se levou a cabo co [Decreto 37/2014](#), do 27 de marzo e ZEPA (zona especial de protección de aves silvestres), declaradas segundo as disposicións da [Directiva 2009/147/CE](#) do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009. Amais os 400 teixos (*taxus baccata*) que contén están no Catálogo de Árbores Senlleiros da Xunta de Galicia. Nas zonas altas existen representacións puntuais de turbeiras ácidas de esfagnos, hábitats extraordinariamente fráxiles e fragmentados. Os de Trevinca son os únicos



existentes na zona mediterránea galega. A riqueza botánica destes espazos é realmente grande, non soamente pola súa diversidade senón tamén pola presenza de numerosos taxóns cun maior ou menor grao de endemismo. Este fermoso parágrafo encontrase na [Orde do 19 de abril de 2002](#) pola que se inicia o procedemento de elaboración do Plan de Ordenación de Recursos Naturais (PORN) de Pena Trevinca e que 15 anos despois aínda non se aprobou e nin sequera se someteu a información pública. Iso si a do PORN do LIC (agora ZEC) Pena Trevinca licitouse e pagouse cun prazo de execución de [14 meses](#) e un orzamento base de [87.000 euros](#) (DOG nº 110, do 08-07-2007 e nº 131, do 06-07-2007). Dita contratación adxudicouse por Resolución do 07-04-2009, cun 70% de cofinanciación da Unión Europea (DOG nº 41, do 28-02-2012) e adxudicado mediante a resolución do 7 de abril de 2009.

15 anos para xestionar a ordenación dun espazo protexido polas Directivas europeas máis importantes para a conservación da biodiversidade pode ser considerado deixación de funcións da CMAOT, como denuncian as asociación de referencia na conservación da Natureza. Esta situación de abandono de facto tanto das funcións que lle outorga o [Decreto 167/2015](#), de 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación del Territorio, como do mandato de protección derivado das directivas Hábitats e Aves, non é nova e da que xa ten conta a Unión europea.

Aínda así e con tódalas trabas que está a poñer a Xunta de Galicia para non rematar a protección do macizo montañoso de Pena Trevinca, e xa entrando nas competencias da Xunta de Galicia, establécese con arranxo ao artigo 25.1 a [lei 9/2001](#) de conservación da natureza que "a iniciación dun procedemento de declaración dun espazo natural protexido ou do procedemento para a elaboración dalgún dos instrumentos de ordenación previstos na presente Lei



(un dos cales son os PORN) determinará a prohibición de realizar actos que supoñan unha transformación sensible da realidade física ou biolóxica que dificulte ou imposibilite a consecución dos obxectivos da declaración de espazo natural protexido ou supoña un risco para os seus valores naturais, mentres que o apartado 2 do mesmo artigo 25 establece que "en calquera caso, a iniciación do procedemento de aprobación dun plan de ordenación dos recursos naturais determinará automaticamente a esixencia de informe favorable da consellería de medio ambiente para calquera autorización, licenza ou concesión que habilite para realizar transformacións da realidade física ou biolóxica no ámbito territorial ao que afecta o plan de ordenación dos recursos naturais". A finalidade que se persegue co apartado 2 do artigo 25 non é outro que protexer os recursos naturais existentes durante o período transitorio de elaboración do PORN.

Convén poñer de manifesto así mesmo a prevalencia e superioridade dos PORN sobre os demais instrumentos de ordenación xa que o artigo 6.3 da Lei 9/2001 dispón que "os plans de ordenación dos recursos naturais a que se refire a presente Lei, prevalecerán sobre calquera outros instrumentos de ordenación territorial ou física, constituíndo as súas disposicións un límite para estes, cuxas determinacións non poderán alterar ou modificar aquelas e aplicaranse, en todo caso, prevalecendo sobre os instrumentos de ordenación preexistentes", de modo que é a propia norma legal a que dá pé a aquel maior valor que ha de concederse aos PORN sobre os demais instrumentos de plan que no período probatorio se demostraron existentes, os cales deben adaptarse aos PORN se resultan contraditorios con estes.

Do mesmo xeito que pomos o acento na protección, queremos expoñer que a [lei 42/2007](#), de 13 de decembro, del Patrimonio Natural y de la Biodiversidade



establece no seu artigo 42 que as ZEC e as ZEPA terán a consideración de espazos protexidos, ca denominación de “espazo protexido Rede Natura 2000”, e co alcance e as limitacións que a Administración Xeral do Estado (AXE) e as Comunidades Autónomas (CC.AA) establezan na súa lexislación e nos correspondentes instrumentos de planificación, sempre nos seus respectivos ámbitos de competencia. Así mesmo o artigo 46 establece as medidas de conservación da Rede Natura 2000 que deberán ser fixadas pola AXE e as CC.AA. “no ámbito das súas competencias e que respondan as exixencias ecolóxicas dos tipos de hábitats naturais e das especies presenten nelas” o que leva como consecuencia de feito a redacción dun plan ou instrumento de xestión específico dos distintos lugares protexidos dentro da ZEC tendo especial coidado de limitar toda actividade que xere “deterioro dos hábitats naturais”.

Polo tanto pensamos que pretender xestionar todos os espazos protexidos de Galicia mediante un único plan de ordenación da totalidade da rede como se desprende do Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia é simplista e dende logo digno dunha queixa á Unión europea.

Con todo o exposto este grupo parlamentar considera que é preciso abordar a protección do macizo montañoso de Pena Trevinca de xeito que se evite a perda de biodiversidade de características únicas en Galicia como xa se comentou, e incluír as directrices da lei 42/2007 respecto os corredores e a conectividade ecolóxica que compoñen os cumios de Trevinca, incluíndo o Teixadal de Casaio como icona da biodiversidade que loita pola súa supervivencia.



Polo exposto o Grupo Parlamentar de EN MAREA presenta a seguinte  
Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- Previa revisión dos límites do espazo protexido, a precisa determinación dos hábitats de interese comunitario e prioritarios así como unha relación das especies ameazadas, rematar o proceso de aprobación do PORN de Pena Trevinca.
- Rematado o PORN, comezar o proceso para declarar o espazo protexido de Pena Trevinca como parque natural.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2017.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda,

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Voceiro S. do G.P. de En Marea

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**



**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 11/05/2017 18:19:43**

**Antón Sánchez García na data 11/05/2017 18:19:52**

**Marcos Cal Ogando na data 11/05/2017 18:20:02**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**

**Data asento: 11/05/2017 18:27**

**Nº Rexistro: 8991**

Data envío: 11/05/2017 18:27:27.901

## **Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ao baixo nivel de execución orzamentaria en materia de emprego e as medidas a tomar para incrementalala.

Nos últimos anos é unha constante a baixa execución da Xunta de Galiza a respecto dos programas ligados ao fomento do emprego. Trátase dunha eiva que, lonxe de corrixirse, estase a intensificar ano tras ano. O “Estado de Execución dos Orzamentos da Xunta de Galiza para 2016” amósanos que o grado de execución dos orzamentos dese ano foi do 96,6%. Porén, realizando un estudo pormenorizado do grao de execución, observamos como algunhas consellerías, áreas ou programas presentan unha moi baixa execución, lastrando así o cumprimento dos seus obxectivos.

Neste sentido, é precisamente a Consellería de Economía, Emprego e Industria a que, con diferenza, menor grado de execución presenta, xa que executa un escasísimo 69,2% do orzamentado. Son case 20 punto menos que a seguinte consellería que menor execución presenta, que é a do Medio Rural e amosa un grado de execución do 88,3%.



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/05/2017 18:27**  
**Nº Rexistro: 8991**

Data envío: 11/05/2017 18:27:27.901

Dentro da baixa execución da Consellería destacan especialmente os programas ligados ao fomento do emprego. Ven sendo unha constante nos últimos anos a baixa execución destes programa, porén, no 2016, acentúase este problema, xa que polo xeral presentan un grado de execución moito menor ao do 2015, e estes á súa vez xa presentaban unha execución menor con respecto ao 2014. Así, existen graos de execución realmente exiguos, como o relativo ao programa de intermediación e inserción laboral, cun 5,9%, ou a formación profesional de ocupados, cun 17%, xunto con outros graos de execución tamén preocupantes: a mellora e fomento da empregabilidade executou o 54,7% do seu orzamento, a formación profesional de desempregados un 55,7%, ou a promoción económica e social cun 52,1%.

Polo tanto, os datos de execución para o ano 2016 amosan unha deficiente práctica e xestión orzamentaria. Resulta evidente que ante tan baixos grados de execución orzamentaria dificilmente se puido conseguir os obxectivos de fomento do emprego, inserción laboral, formación, etc. contemplados nestes programas. A evolución recente do desemprego confírmao, xa que segundo datos da EPA, no primeiro trimestre do ano o desemprego incrementouse en Galiza en 12.900 persoas. O desemprego neste trimestre incrementouse en Galiza un 6,3%, unha intensidade moito máis forte que a do conxunto do estado español, onde o crecemento do desemprego foi do 0,4%.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/05/2017 18:27**  
**Nº Rexistro: 8991**

Data envío: 11/05/2017 18:27:27.901

“O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a:

-Realizar as xestións oportunas para incrementar o grado de execución do gasto orzamentado nos citados programas para o presente exercicio.

-Presentar no Parlamento un informe detallado cos motivos da non execución do orzamento destes programas e as consecuencias, para os colectivos que terían que ser beneficiarios dos mesmos, de non telos executados.”

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/05/2017 18:27**  
**Nº Rexistro: 8991**

Data envío: 11/05/2017 18:27:27.901

**María Montserrat Prado Cores na data 11/05/2017 18:25:52**

**Noa Presas Bergantiños na data 11/05/2017 18:25:57**

**Olalla Rodil Fernández na data 11/05/2017 18:26:00**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 11/05/2017 18:26:04**

**Xosé Luis Bará Torres na data 11/05/2017 18:26:07**

**Ana Pontón Mondelo na data 11/05/2017 18:26:11**

## Á Mesa do Parlamento

Os **grupos parlamentarios de En Marea, dos Socialistas de Galicia** e do **Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que se proceda á tramitación de **comparecencia urxente en Pleno** do **Conselleiro de Industria, Economía e Emprego** para explicar, ante o novo escenario aberto e tras a presentación oficial por Ferroatlántica ante Augas de Galicia, de solicitude de segregación das centrais.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2017

Asdo.: Luís Villares Naveira  
Portavoz do G.P. de En Marea

Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas

Ana Belén Pontón Mondelo  
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/05/2017 11:45:01**

**Luis Villares Naveira na data 12/05/2017 12:03:37**



**Ana Pontón Mondelo na data 12/05/2017 13:31:02**



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- do conselleiro de Sanidade para informar **“do novo modelo de atención en Atención Primaria”**.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**

15 MAI. 2017

Núm. 9121

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**  
**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS**

15 MAI. 2017

**S A I D A**

Núm. 547

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- da conselleira do Medio Rural para informar **“das medidas dispostas no Plan de Fixación de Poboación no medio rural”**.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez


Sr. presidente do Parlamento de Galicia



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para **“facer balance da actividade educativa en Galicia”**.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Sr. presidente do Parlamento de Galicia



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia ante a comisión 4ª, Educación e Cultura, e a petición propia, do secretario xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para informar sobre **“a análise das accións de fomento dos lazos culturais e lingüísticos de Galicia co mundo da lusofonía, ao amparo da Lei 1/2014”**.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

## Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, Abel Losada Álvarez e Julio Torrado Quintela, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O sector do turismo a día de hoxe podemos consideralo como unha das actividades económicas máis importante para Galicia, xa que contribúe a crear numerosos postos de traballo e favorecer o reequilibrio territorial.

A tendencia de alugar a vivenda habitual por días ou por semanas, tanto por parte dos particulares como por parte dos turistas, pode ser entendido nalgúns ocasións como competencia desleal, o que vai en contra da calidade dos destinos turísticos. Nada máis lonxe da realidade. Precisamente por iso é polo que existiu un gran consenso no sector da necesidade de regular esta nova tendencia.

O Decreto 12/2017, do 26 de xaneiro, debía nacer pois coa intención de establecer a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia e regular as vivendas de uso turístico sempre que cumpran os requisitos establecidos partindo dun consenso que, a todas luces, se ve que non existiu

Hoxe en día, tanto a Asociación de Vivendas Turísticas de Galicia, como a *Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia* (CNMC) solicitan que se eliminen ou corrixa algúns dos aspectos que recolle o Decreto xa aprobado, e que está a piques de entrar en vigor.

Incluso o requirimento feito pola CNMC significa un paso previo ao xa anunciado, de non ter en conta o dito requirimento, contencioso-administrativo perante o TSXG. Tendo en conta os antecedentes doutros contenciosos similares en distintos tribunais superiores de xustiza, doutras comunidades autónomas como Madrid ou Canarias, nós expresamos a necesidade de abordar de novo o tema e buscar as vías de solución de maneira consensuada e dialogada.

## Grupo Parlamentario

Por iso os deputados que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Considera a Xunta de Galicia que, tal e como está redactado o decreto, servirá para regular o mercado existente nestes momentos en Galicia?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

2ª) Cales foron os motivos do Goberno galego para cambiar de criterio, en canto ao aluguer por habitacións, cara a outro criterio que tampouco satisfai a demanda nin de usuarios nin de afectados?

3ª) Cal é a postura da Xunta de Galicia referida ao requirimento da CNMC (Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia), no relativo ao Decreto 12/2017, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia?

4ª) Valorou o Goberno galego as distintas sentenzas aos requirimentos da CNMC (Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia), favorables á dita comisión nas distintas comunidades autónomas nas que foi presentado?

5ª) En que dirección esta traballando o Goberno galego para evitar o recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia?

Pazo do Parlamento, 04 de maio de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 04/05/2017 19:33:25**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 04/05/2017 19:33:34**

**Julio Torrado Quintela na data 04/05/2017 19:33:42**



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Interpelación**, sobre a supresión das liñas de transporte terrestre e o novo Plan de transporte de Galiza

A Consellaría de Infraestruturas anunciou que a Xunta está a traballar no novo Plan do transporte perante a inminente caducidade das actuais concesións. Iso suporá a desaparición de até 578 liñas de autobús existentes actualmente no noso país. A maior parte delas nas comarcas de Ourense (onde desaparecerán o 81%) e Lugo (-63%).

Segundo a conselleira, Ethel Vázquez, o Goberno galego está a traballar nunha reordenación das liñas e na procura de alternativas toda vez que as compañías de transporte aseguran non lles ser rendíbel en moitos casos o que, cumpre lembrar, supón un servizo fundamental para a poboación galega, nomeadamente aquela que vive no rural e na montaña.

Neste senso, Infraestruturas di valorar como alternativa incorporar e mesmo combinar os taxis, os microbús e/ou o denominado “transporte a demanda”.

A desaparición prevista das liñas de autobús que se iniciaría a partir de agosto de 2017 suporá un grave prexuízo para a poboación do noso país cuxa vertebración territorial é moi precaria ficando numerosas localidades e parroquias illadas.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Mais non só, tamén se prevé mudanzas no servizo e frecuencias entre cabeceiras de comarca e as principais cidades, por exemplo, entre A Fonsagrada e Lugo ou as cidades de Lugo e Ourense; alén da afectación de maneira combinada, caso da Mariña, pola supresión do servizo de autobús e o desmantelamento do tren de proximidade (antigo FEVE).

Porén, a desaparición destas liñas non é un feito casual senón que resulta, entre outras cuestións, da demora e incapacidade manifesta da Xunta de Galiza por abordar, con perspectivas de futuro e unha visión integral, a problemática do transporte terrestre no país para alén do feito de se ter declarada ilegal a prórroga outorgada en 2011 ás empresas concesionarias por parte do Tribunal Supremo.

Por todo o exposto formúlase a seguinte Interpelación:

- En que consiste o novo Plan de transporte no que está a traballar a Xunta de Galiza?
- Por que non se abordou esta cuestión con maior celeridade en troca de agardar á caducidade das concesións?
- Cales son as alternativas que valora a Consellaría de Infraestruturas para garantir o servizo de transporte de viaxeiros cando sexan suprimidas as 578 liñas de autobús?
- Valora o Goberno galego aproveitar a caducidade das concesións do transporte terrestre para reorganizar e redeseñar o servizo atendendo a criterios de intermodalidade naquelas comarcas nas que existe tren?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- De ser así, está a traballar a Consellaría con outras administracións entre elas Fomento?

- Está a estudar a Consellaría de Infraestruturas algún modelo doutros territorios do Estado español e do mundo que poidan ser adaptados á realidade galega para garantir o mantemento do servizo na maior parte do territorio, nomeadamente en Ourense e Lugo?

- Que propostas, se foi o caso, lle trasladou o presidente da FEGAMP? Cales a Consellaría ao órgano de representación das entidades locais?

- Prevé manter encontros directos a Consellaría con representantes dos concellos afectados pola supresión das liñas de autobús?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Noa Presas Bergantiños**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2017 17:54:53**

**Noa Presas Bergantiños na data 08/05/2017 17:54:57**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 08/05/2017 17:55:02**

**María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2017 17:55:06**

**Xosé Luis Bará Torres na data 08/05/2017 17:55:07**

**Ana Pontón Mondelo na data 08/05/2017 17:55:10**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**.

A falta de transparencia da Consellería de Sanidade en relación ás listas de espera do SERGAS supón unha situación habitual dende sempre. A negativa do Goberno a dar a coñecer o número de persoas existentes nas listas non estruturais, pon en evidencia o intento por agochar unha realidade consecuencia das políticas de recortes e privatizacións nos servizos públicos.

O incremento de persoas nas listas de espera vai inevitablemente ligado a un aumento de traslados a centros concertados/privados, derivando o orzamento público cara as empresas sanitarias do ámbito privado. Esta práctica provoca, que aquelas persoas que queren ser operadas nun hospital público, pasen a formar parte das listas non estruturais e, polo tanto, a perder o lugar que ocupaban nas listas estruturais no momento en que denegan ofrecemento de operarse na privada.

Con todo, a situación agrávase cando cada ano no Servizo Galego de Saúde, pechan na tempada de estío centos de camas hospitalarias sen máis motivo que o suposto aforro e afirmación errónea de que “no verán enferma menos a xente”. Nada mais lonxe da realidade, durante os meses de verán a xente enferma igual, existindo picos de incidencia nas urxencias que chegan a producir colapsos como os acontecidos en anos anteriores.

Ademais, ao peche de camas é necesario engadir a continuidade das nefastas políticas de persoal da Consellería de Sanidade, que non dan cobertura aos



permisos de vacacións de gran parte do persoal, aforrándose a Xunta de Galicia o custe das substitucións en detrimento do servizo sanitario público.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte **INTERPELACIÓN:**

1. Cales son as listas de espera non estruturais do SERGAS?
2. Que número de persoal vai a disfrutar do seu período vacacional nos meses de verán nas diferentes áreas de xestión galegas? Cantas desas prazas van a ser cubertas con persoal eventual e cantas non?
3. De efectuarse un colapso, cal é o plan que se vai a seguir nos Hospitais do SERGAS, ben derivacións a centros concertados/privados, ben apertura de camas públicas ou ben manter aos doentes hospitalizados nas urxencias?
4. Vai a continuar a política de recortes e peche de camas a pesar dos colapsos vividos anos anteriores?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**



**Eva Solla Fernández na data 08/05/2017 18:05:03**

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A Disposición adicional 1ª da Lei de dereito civil de Galicia 2/2006, do 14 de xuño, establece o seguinte: “Cada cinco anos, como máximo, sen prexuízo da iniciativa parlamentaria correspondente, a Mesa do Parlamento de Galicia designará unha Comisión, integrada por membros dos diversos grupos parlamentarios da Cámara, a fin de elaborar un informe comprensivo das dificultades e dúbidas que se advirtan na aplicación dos preceptos da presente lei e de aquelas normas que se estimen necesarias para a conservación, modificación e desenvolvemento das institucións do Dereito Civil propio de Galicia”.

Eses 5 anos de prazo máximo xa se cumpriron no mes de xuño de 2011 e nada se ten impulsado por parte do Goberno galego, agás a celebración de dúas reunións dunha Comisión de Expertos en agosto e setembro de 2010 para establecer un calendario e para decidir cales serían as ponencias técnicas e unha terceira en febreiro de 2011, que foi a última. Estamos en 2017 e seguimos sen nada máis.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cando vai presentar o Goberno galego un informe comprensivo das dificultades e dúbidas que se advirtan na aplicación dos preceptos da Lei de Dereito Civil de Galicia e daquelas normas para a conservación, modificación e desenvolvemento das institucións do Dereito Civil propio da nosa Comunidade Autónoma?
2. Que ten feito o Goberno galego dende o mes de xuño de 2011 ata o día de hoxe?

Pazo do Parlamento, 4 de maio de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

Juan Manuel Díaz Villoslada

Matilde Begoña Rodríguez

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 08/05/2017 17:54:50**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/05/2017 17:54:56**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/05/2017 17:55:01**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Internet tense convertido nunha realidade omnipresente na nosa vida persoal e colectiva, tanto que cómpre traballar no pulo da garantía dos dereitos da cidadanía nese mundo.

A propia UE ten previsto un futuro regulamento (que entrará en vigor en maio de 2018) sobre transparencia e *open data*, o que pon de manifesto o fundamental de internet para as vidas das persoas.

Non obstante, en España, a CE de 1978 (no seu artigo 18) evidencia claras limitacións para atender ás necesidades actuais de garantía dos dereitos dixitais da cidadanía, tamén despois da súa morte ou cando a súa capacidade é xudicialmente modificada, xa que estamos a falar de dereitos persoalísimos, polo que a extinción das contornas dixitais só pode ser feita pola persoa mesma. Non só a Constitución, incluso a lexislación nacional vixente en materia de sucesións non dá resposta a estas cuestións, polo que convén entón establecer unhas normas que permitan determinar a cada persoa como debe administrar o seu legado persoal en relación cos seus dereitos dixitais, é dicir, despois da morte ou cando a súa capacidade é xudicialmente modificada.

E nesta materia de dereitos dixitais, a lexislación galega non é unha excepción: a Lei de dereito civil de Galicia 2/2006, do 14 de xuño, regula a sucesión por causa de morte no seu Título X, pero nada di sobre as vontades dixitais das persoas, que se poderían regular a través dalgunha das formas de testamento que a propia lei regula, mediante pactos sucesorios ou incluso a través das disposicións testamentarias especiais.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cre o Goberno galego que a lexislación civil é limitada na garantía dos dereitos dixitais da cidadanía?
2. Ten intención o Goberno galego de modificar o Título X da Lei de dereito civil de Galicia 2/2006, do 14 de xuño, coa fin de regular as vontades dixitais das persoas despois da súa morte?
3. Vai crear o Goberno galego o rexistro de vontades dixitais, instrumento para inscribir os documentos de vontades dixitais? Cando?

Pazo do Parlamento, 9 de maio de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 09/05/2017 17:00:40**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 09/05/2017 17:02:00**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 09/05/2017 17:02:07**

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A situación do sector lácteo en Galicia está a facer moi difícil a sustentabilidade das explotacións. E iso, a pesar de que en España só se produce o 78 % do que se consume (Declaracións obrigatorias do sector vacún de leite de maio de 2016), e que Galicia é un territorio onde, as súas condicións naturais, mostran maior disposición para esta produción. Se a esta situación de crise láctea engádese que esta se abate sobre un sector vertebrador e estabilizador dun territorio cun alto nivel de despoboamento onde o inverno demográfico está a poñer en risco a propia estabilidade territorial, apréciase máis aínda a necesidade de acometer medidas estruturais para o seu mantemento viable.

A raíz do novo escenario de liberalización do mercado imposto pola desaparición en abril de 2015 das cotas lácteas, no ano 2016 en Galicia, dun total de algo máis de 9.000 explotacións, perdéronse case 600 explotacións, e entre xaneiro e marzo de 2017 perdéronse 75 explotacións máis, segundo datos do Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente.

O prezo medio de venda en España leva descendendo desde ao ano 2013, e a pesar das medidas adoptadas pola Comisión, aínda non mostra ningunha tendencia cara á recuperación.

A etiquetaxe nos produtos lácteos cumpre unha dobre función. Por unha banda, infórmanos da súa calidade e por outra permítenos coñecer as súas características principais. Debemos saber que todos os fabricantes deben cumprir cos requisitos da normativa vixente respecto á etiquetaxe.

Nunha boa etiquetaxe, nunca deben faltar nin a denominación do produto, a súa lista de ingredientes, o seu modo de emprego, o seu peso ou volume, as condicións de conservación, o lote ao que pertence o produto, a súa data de caducidade ou consumo preferente, a identificación da empresa e a súa etiqueta nutricional nos casos en que sexa obrigatorio.

 Grupo Parlamentario

Por iso os deputados que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

1ª) En que situación se atopa a identificación de orixe no etiquetado da procedencia do leite e derivados lácteos?

2ª) Ten elaborado ou esta a elaborar o Goberno galego un plan de inspeccións con seguimento periódico nas superficies comerciais para vixiar o cumprimento da Lei 12/2013, do 2 de agosto, da cadea alimentaria, da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, da Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de competencia desleal, e do Código de comercio, polo miúdo?

3ª) Ten creado ou vai crear un sistema de control e seguimento das importacións de produtos lácteos?

Pazo do Parlamento, 3 de maio de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 10/05/2017 13:17:35**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 10/05/2017 13:17:46**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN** en relación á situación das urxencias en Galicia.

Diferentes colectivos de traballadores e asociacións profesionais do ámbito das emerxencias en Galicia están a denunciar as graves carencias na xestión e organización diaria das emerxencias. Denuncian a falta de actualización do mapa dos servizos de intervención, a arbitrariedade na cobertura xeográfica dos recursos, a existencia dun desequilibrio territorial na protección da cidadanía nas emerxencias, así como a falta de verdadeiros criterios técnicos na mobilización de medios. Todas estas carencias provocan unha improvisación constante que aumenta as posibilidades de actuacións negligentes.

Algunhas destas demandas xa foron trasladadas con AGE na anterior lexislatura e con En Marea nesta, contando, como ben sendo habitual, co voto en contra do Partido Popular, como sucedeu cos recursos existentes do 061.

Pero a situación agrávase aínda máis, tendo en conta a insistencia da Xunta de Galicia no traslado do servizo de emerxencias do 112 ás novas instalación da Estrada. Traslado que se fixo efectivo ás costas do persoal, en canto a negociación das súas condicións laborais, e pese os avisos do comité de empresa sobre os continuos fallos no funcionamento da plataforma informática.

Por desgraza, todos estes fallos, víronse confirmados nestes días con terribles sucesos como os incendios ou o afundimento do pesqueiro *Nuevo Marcos*, no que segundo transmitiron de xeito conxunto a Asemblea de Traballadoras e Traballadores do 112-Galiza, a Asociación Galega de Técnicos en Emerxencias



Sanitarias, a Asociación de Técnicos de Emerxencias Sanitarias e Xestores de Emerxencias de Galicia, a Mesa Intersindical de Bombeiros e a Plataforma de Bombeiros Públicos de Galicia, no caso do barco, todos coinciden en sinalar que a falta dun mapa actualizado de recursos para mobilizar, así como o colapso da plataforma que o 112 ven denunciando, supuxo que á hora de mobilizar o recurso esencial ( o helicóptero de rescate Pesca-I), a plataforma bloqueou a chamada de alerta retrasando arredor de dez minutos a saída.

Estas denuncias, unidas ao que ten acontecido, supoñen feitos moi graves que poñen en risco un servizo esencial como é o das emerxencias, cunha privatización sistemática dos seus medios que supoñen a precarización das condicións laborais das traballadoras e traballadores así como dos propios servizos de emerxencias.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte **INTERPELACIÓN:**

- 1.- Pensa a Xunta de Galicia seguir de costas coas traballadoras e traballadores ante o traslado?
- 2.- Vai a tomar algunha medida a Xunta de Galicia en relación aos fallos que amosa a nova Plataforma?
- 3.- Que tipo de actuacións vai a levar a cabo a Xunta de Galicia para solucionar as deficiencias denunciadas?
- 4.- Que previsións ten a Xunta de Galicia para o conxunto dos servizos de emerxencias en Galicia?



5.- Pensa a Xunta de Galicia reverter as privatizacións de ditos servizos apostando por unha xestión directa dos mesmos?

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 11/05/2017 10:04:28**

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O servizo público da xustiza é vital para a vertebración do estado social e democrático de dereito. Necesitamos unha Administración de xustiza moderna, esencial para consolidar o estado de dereito e mellorar a calidade da nosa democracia. Unha nova oficina xudicial e a incorporación nas oficinas xudiciais das novas tecnoloxías inciden neste fin. Se a oficina xudicial existise, tamén existiría a centralización de servizos comúns e a imprescindible modernización tecnolóxica. Cómpre unha xustiza totalmente informatizada, onde os que se chaman operadores xurídicos e as distintas instancias da oficina xudicial se comuniquen entre si e coa oficina fiscal a través da rede informática. Pero a oficina xudicial, instrumento básico para o desenvolvemento da función xurisdiccional, está paralizada.

O Goberno galego elaborou un borrador de decreto para implantar os servizos comúns procesuais en Galicia. Segundo informacións recollidas expresamente na Memoria Xudicial do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para o ano 2014, o borrador estaba en fase de consulta cos distintos operadores xurídicos a finais de 2014, sendo previsible a súa aprobación ao longo de 2015. O decreto segue a ser unha incógnita ata o de agora, aínda que no ano 2016 xa fora remitido ao Consello Xeral do Poder Xudicial para informe.

Nestes días temos coñecido que o Goberno galego vai contratar a unha empresa de consultoría (EVERIS Spain SL) para que elabore un estudo que desenvolva un proxecto de oficina xudicial en Ourense, como experiencia piloto, e para que faga unha avaliación da actividade e dos recursos mediante unha diagnose da situación. Pero a cuestión está en que a empresa pouco vai poder dicir:

1. O Decreto xa foi negociado, informado e finalizado, só queda que sexa publicado.

## Grupo Parlamentario

2. Todos os datos estatísticos que se necesitarán nunha experiencia piloto -en canto a volume de actividade e carga de traballo- xa están dados polo Consello Xeral do Poder Xudicial e polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
3. Pedirlle a unha empresa que determine se os recursos humanos son os axeitados é rirse de todos os galegos e galegas. Para que está a Dirección Xeral de Xustiza entón?
4. Finalmente, córrese o risco de que ocorra o mesmo que coa empresa que se encargara hai 8 anos da diagnose da situación na Fiscalía de Santiago de Compostela, cos resultados que xa coñecemos.

En realidade, isto non é máis que a externalización privada da xestión da Administración de xustiza, máis claro a auga.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cando vai publicar o Goberno galego o novo decreto da oficina xudicial en Galicia?
2. Pediu o Goberno galego os datos estatísticos que se necesitan nunha experiencia piloto -en canto a volume de actividade e carga de traballo- ao Consello Xeral do Poder Xudicial e ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia?
3. Ten a Dirección Xeral de Xustiza os datos sobre se os recursos humanos son os axeitados?
4. Cre o Goberno galego que é necesaria a externalización privada da xestión da Administración de xustiza?
5. Cre o Goberno galego que a contratación da empresa de consultoría EVERIS Spain SL é un exemplo de externalización privada da xestión da Administración de xustiza?
6. Cre o Goberno que vai servir para algo esta contratación?

Pazo do Parlamento, 10 de maio de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Noela Blanco Rodríguez  
Raúl Fernández Fernández  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

 Grupo Parlamentario

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**


**Patricia Vilán Lorenzo na data 11/05/2017 12:11:42**

**Noela Blanco Rodríguez na data 11/05/2017 12:11:47**

**Raúl Fernández Fernández na data 11/05/2017 12:11:52**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 11/05/2017 12:11:57**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/05/2017 12:12:05**



PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727